

[Escribir texto]

Tortura

**e Outros Tratamentos e
Penas Cruéis,
Desumanos ou
Degradantes**

Galiza

2008

[Escribir texto]

9 de Xaneiro de 2008: Coruña – Teixeiro

J.A.R., de 74 anos de idade, morreu o 9 de Xaneiro de 2008 na prisión coruñesa de Teixeiro, onde estaba en prisión preventiva.

4 de Febreiro de 2008: Coruña

O 4 de Febreiro de 2008, na Coruña, polo menos tres persoas, M.C. P.C. e J.C., resultaron feridas a consecuencia da 'carga' de axentes anti-distúrbios do Corpo Nacional de Policía contra unha manifestación de mariscadores que reclamaban axudas públicas para o sector.

4 de Febreiro de 2008: Ourense – C.P. Pereiro

F.D.R. de 35 anos, morreu na cela que ocupava na prisión de Pereiro. Segundo a dirección da prisión, o falecemento foi debido a causas naturais e o corpo non apresentava síntomas de violencia.

8 de Febreiro de 2008: Coruña

Tres persoas denunciaron ter sido agredidas por axentes anti-distúrbios da Policía Nacional, o 8 de Febreiro de 2008, cando participaban na Coruña nunha concentración en defensa do galego e foron agredidas sen previo aviso polos axentes.

9 de Febreiro de 2008: Pontevedra – C.P. A Lama

J.P.C. foi achado enforcado na cela que ocupava no centro penitenciario da Lama, Pontevedra, o 9 de Febreiro de 2008.

Segundo fontes da institución, esta morte veu somar-se à producida poucos dias antes na prisión pontevedresa en circunstancias similares. Desta non transcendeu información algunha.

20 de Febreiro de 2008: Pontevedra – Vigo

O 20 de Febreiro de 2008, en Vigo, un axente anti-distúrbios bateu na cabeza de O.G. cando este participava nunha concentración en defensa do idioma galego. Despois dos golpes recibidos, O.G. tivo que ser ingresado nun hospital.

[Escribir texto]

8 de Abril de 2008: Coruña

R.B.J., foi agredido por axentes do Corpo Nacional de Policía cando participava nunha manifestación que se celebrava na Coruña en defensa dos dereitos sindicais.

A denuncia correspondeu ao Xulgado de Instrución nº 2 da Coruña, que imputou tres axentes como responsábeis das lesións sufridas por R.B.

24 de Maio de 2008: A Coruña – C.P. Teixeira

J.C.R., denunciou ter sido agredido seis veces por varios funcionarios da prisión coruñesa de Teixeira.

Segundo a súa denuncia, a primeira agresión produciu-se despois de os funcionarios rexistaren a cela que ocupava.

A seguir esta primeira agresión, J.C.R. foi trasladado a unha cela de isolamento, onde foi novamente agredido por sete funcionarios, entre eles un xefe de servizo.

Ao día seguinte, 25, como continuava sofrendo fortes dores a consecuencia das agresións do día anterior, solicitou ser recoñecido polo médico da prisión. Despois de un recoñecemento feito por un ATS, e xa de volta na cela de isolamento, tres funcionarios volveron mallar nel.

As agresións repetiron-se os días 26, 28, 30 e 31 de Maio.

Xuño de 2008: Coruña - Sada

Un menor de idade foi agredido por axentes da Policía Local de Sada (Coruña) despois de que estes o localizasen nun bar de copas da localidade.

3 de Xuño de 2008: Coruña – C.P. Teixeira

E.F.R., D.M.P. e J.M.M.S., foron agredidos, o 3 de Xuño de 2008, por varios funcionarios da prisión coruñesa de Teixeira.

Segundo a querela formulada, as agresións tiveron lugar cando os tres estaban no pátio da prisión e un funcionario ordenou a E.F.R. tirar o brinco que levava nunha orella. Cando E.F.R. se negou, o funcionario tentou arrancar-llo. E.F.R. procurou evitar que o fíxese e os funcionarios que estaban presentes comezaron a mallar nel con porras, a seguir alxemaron-no con as maos nas costas e continuaron batendo nel até o trasladaren ao módulo de isolamento.

[Escribir texto]

Imediatamente despois, varios funcionarios voltaron ao pátio e propinaron pancadas a D.M.P. y J.M.M.S., que aínda estaban alí.

Na cela de isolamento, un xefe de servizos voltou bater en E.F. cando este lle manifestou que fora agredido por varios funcionarios.

O 13 de Abril de 2009, o Xulgado de Instrución nº 2 de Betanzos arquivou a denuncia. A acusación popular exercida por EsCULcA recorreu esta decisión xudicial.

6 de Xuño de 2008: Pontevedra – Vigo

Tres persoas resultaron feridas, de diversa consideración, a consecuencia das agresións de axentes da Policía Nacional cando participaban nunha manifestación de mariñeiros en Vigo o 6 de Xuño de 2008.

Unha moza de 17 anos resultou ferida ao bater contra un dos valados que rodeava a concentración. Cando J.A. cando tentou axudá.la varios axentes aproveitaron para mallar nel. Como consecuencia das pancadas recibidas, paralisaron-se-lle as pernas e tivo de ser evacuado nunha ambulancia a un centro hospitalar. Un terceiro mariñeiro sufriu feridas na cabeza polas pancadas que recibeu.

28 de Agosto de 2008: Coruña – Teixeiro

C.B.J. morreu no Hospital Universitario da Coruña instantes despois de ser conducida desde o cárcere de Teixeiro onde estaba presa.

C.B.J. padecía VIH e xa en dúas ocasións solicitara a liberdade por doenza incurábel, para o que contava con o ditame positivo da Xunta de Rexime da prisión. No entanto, o titular do Xulgado de Vixilancia Penitenciaria nº 1 da Coruña, J.S.C.P., negou en ambas as ocasións a petición alegando que C.B.J. non estaba “suficientemente doente”.

16 de Setembro de 2008: Pontevedra – Vigo

J.G. representante da asociación de bateiros, denunciou que a actuación dos axentes anti-distúrbios da Policía Nacional contra os bateiros que o 16 de Setembro de 2008 se manifestaron en Vigo en defensa dos seus dereitos laborais, causara unha dúcia de feridos de diversa consideración.

O máis grave foi J.R.O.O, que levou unha forte pancada na cabeza que lle causou un hematoma cerebral polo que tivo de ser trasladado ao Hospital Universitario de Compostela.

[Escribir texto]

15 de Outubro de 2008: Coruña – C.P. Teixeiro

R.G.G., denunciou ter sido agredido por varios funcionarios no cárcere de Teixeiro, o 15 de Outubro de 2008.

Segundo a denuncia formulada, a agresión produciu-se despois de manter unha discusión na cela con dous funcionarios que se negaron a entregar-lle varias cartas dirixidas a el.

Esa noite, un grupo de funcionarios apresentou-se na súa cela e, despois de se precipitaren sobre el e alxemaren-lle as maos ás costas, empurraron-no ao corredor onde lle bateron varias veces e simularon penetrá-lo polo anus con unha porra.

A seguir a agresión foi trasladado à enfermaria, mais non foi recoñecido nen curado das lesións que presentava. Foi conducido a unha cela de isolamento onde permaneceu até ser trasladado ao cárcere madrileño de Soto del Real, en cuxa enfermaria foi recoñecido e examinado.

Tres semanas despois da agresión, R.G. aínda tiña marcas visíveis das pancadas recibidas en pés, coxa esquerda, glúteo esquerdo, costas, cabeza e peito.

8 de Decembro de 2008: Pontevedra – Figueirido

O 8 de Decembro de 2008, dúas persoas resultaron feridas a consecuencia das pancadas que lles propinaron membros da Policía Militar cando participaban nunha concentración contra a ampliación da base militar da Brilat, en Figueirido (Pontevedra)

Unha das agredidas recibiu unha puñada na boca que lle asestou un policía militar, o que a fixo perder o coñecimento. Tivo de ser evacuada en ambulancia a un hospital.

17 de Decembro de 2008: Pontevedra – C.P. A Lama

O 17 de Decembro de 2008, M.C. apareceu esganado na cela que ocupava no cárcere da Lama (Pontevedra).

O enforcamento produciu-se con un trozo de lenzol, segundo a información oficial.

27 de diciembre de 2008. A Coruña

P.L.C. de 33 anos, denunciou ter sido agredido por axentes da Policía Nacional o 27 de Decembro de 2008, cando se dispuña a presenciar un xogo de fútbol entre as seleccións de Galiza e Irán. Como consecuencia da agresión, P.L.C. sufriu feridas que obrigaron a trasladá-lo ao Hospital da Cruz Vermella da Coruña.

[Escribir texto]

Ese día, tiña sido convocada na Coruña unha manifestación a favor de unha selección nacional Galega. Un forte dispositivo policial rodeou os asistentes e cargou contra os mesmos momentos antes de dar comezo o xogo, provocando, como mínimo, tres feridos.

Coordinadora para a Prevención da Tortura

Maio 2008

[Escribir texto]